



-- DOCUMENTO Nº 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES --

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

*** SAÍDAS 2013 – 2014 ***

1º TRIMESTRE	
Educación Infantil:	
	Visita a un Belén.
	Espectáculos Caixa Nova.
1º Ciclo Primaria:	
	C.G.A.C.
	Visita ao museo do Pobo Galego.
2º Ciclo Primaria:	
	Visita ao museo do Pobo Galego.
3º Ciclo Primaria:	
	Visita ao MUNCYT e museo de Bellas Artes (Coruña).
Depto. Sociais:	
	Parlamento de Galicia.
Depto. Ciencias:	
	Recollida, charla e exposición de cogumelos.
Depto. Relixión:	
	Visita ás cubertas da Catedral e Cotolengo.
Depto. Galego:	
	Visita Santiago.
Depto. Castelán:	
	Club de lectura.
Música:	
	Auditorio de Santiago.

2º TRIMESTRE

Educación Infantil:	
	Visita a un museo.
1º Ciclo Primaria:	
	Visita ao parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (Pontevedra).
2º Ciclo Primaria:	
	Visita ao parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (Pontevedra).
3º Ciclo Primaria:	
	Visita a comarca do Barbanza.
Depto. Ciencias:	
	Visita á Casa das Ciencias e Aquarium Finisterrae.
	Visita ao Domus.
Depto. Música:	
	Concertos didácticos no Auditorio de Santiago.
Depto. Matemáticas:	
	Rally matemático.
Depto. Galego:	
	Visita a Portugal e Vigo.
	Teatro e cine.
Depto. Castelán:	
	Representacións teatrais en Santiago.
	Club de lectura.
Depto. Relixión:	
	Visita a cociña económica en Santiago e Albergue Franciscanos.
Depto. Xeografía e H.	
	Visita ao Museo de Pontevedra.
	Actividades do Proxecto Terra (Ferrol-Vigo-Santiago-Allariz).
Depto. Tecnoloxía:	
	Visita ao parque de Sotavento (Xermade).
Ed. Física:	
	Curso natación 1º ESO – (PISCINA MUNICIPAL DE ARZÚA).

3º TRIMESTRE

Educación Infantil:	
	Visita a parque lúdico.
	Excursión fin de curso.
1º Ciclo Primaria:	
	Visita ás Illas Cies.
2º Ciclo Primaria:	
	Visita ás Illas Cies.
3º Ciclo Primaria:	
	Visita ás Illas Cies.
Depto. Ciencias	
	Visita á lagoa de Sobrado.
	Visita a Mera (Coruña).
	Dunas de Corrubedo.
D. Educación Física:	
	Carreira de orientación no monte Pedroso (Santiago).
	Actividades no medio acuático. Rafting no río Ulla.
Depto. Música:	
	Concerto didáctico no auditorio de Santiago.
Depto. Matemáticas:	
	Concurso de enxeño matemático.
Depto. Galego:	
	Visita a Padrón (casa de Rosalía).
	Correlingua en Santiago.
Normalización Ling.:	
	Actividades Letras Galegas, (concertos, contacontos, títeres).
Depto. Castelán:	
	Teatro en Santiago.
	Club de lectura.
Depto. Tecnoloxía:	
	Visita á Citroen (Vigo).
	Visita á fábrica de Santos (Boqueixón).
Depto. Francés:	
	Excursión a París.
Depto. Relixión:	
	Visita a igrexas de Touro e comarca.
	Saídas en colaboración con algún centro.

** Para tódolos alumnos da E.S.O., realizaremos un paseo polo Ulla no mes de Xuño.*

** Os alumnos de sexto de primaria teñen previsto realizar unha viaxe á neve no mes de Febreiro, e os de cuarto da ESO unha excursión final de escolaridade en Xuño.*

** Os alumn@s en Xuño inauguran a Piscina Municipal.*

** A final de curso e como é tradicional, realizaremos unha excursión á Praia con todos os alumnos do colexio.*

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CO CONCELLO

TEATRO

Caramuxo Teatro: “Lazarillo”

Baobab Teatro: “Bailando cos contos”.

Xandobela: “Galicia pais das letras”

Caramuxo Teatro: “Historia dunha semente”

MÚSICA

Música antiga

Concerto da Banda de música Municipal.

Concerto do grupo de metais “Sta Cecilia”.

Concerto didáctico: “QUINTETO DE VENTO PENTAFONÍA”

Asistencia a concertos didácticos en Santiago de Compostela.

ANIMACIÓN Á LECTURA

Concurso lectoríns.

Tardes de contos.

Visita de escritores para a presentación e charlas sobre as súas obras.

CHARLAS INFORMATIVAS

Semana micolóxica.

Día da Ciencia en Galego.

Obradoiro para a resolución pacífica de conflitos.

Obradoiro exposición de educación ambiental sobre o cambio climático.

Orientación profesional.

Técnicas de emprego de igualdade de xénero

Charla sobre Educación Sexual.

Charlas en colaboración ca policía e garda civil sobre os perigos de internet, drogadicción, acoso escolar, ...

FESTIVAIS

<i>MAGOSTO</i>	<i>30 de outubro.</i>
<i>NADAL</i>	<i>20 de decembro.</i>
<i>DÍA DA ÁRBORE-PAZ</i>	<i>30 de xaneiro.</i>
<i>ENTROIDO</i>	<i>28 de febreiro.</i>
<i>DÍA DO LIBRO</i>	<i>23 de abril.</i>
<i>SEMANA DAS LETRAS GALEGAS</i>	<i>Do 12 ao 16 de maio.</i>
<i>FESTIVAL DE FIN DE CURSO</i>	<i>1º Domingo de xuño.</i>

A BIBLIOTECA DENTRO DO PROXECTO EDUCATIVO.

Actualmente o uso da biblioteca góbername polas seguintes normas:

- 1. Poderá ser utilizada por todos os alumnos persoal do centro.*
- 2. Tamén pode utilizala calquera persoa en horas extraescolares, solicitándoo previamente en secretaría.*
- 3. Dentro do horario do Centro poderase utilizar baixo a supervisión de algún profesor o persoal del Centro.*
- 4. Para utilizala durante o horario de clase, se comprobará previamente o planning exposto na súa porta, para evitar a duplicidade de clases e alumnos.*
- 5. A biblioteca é un lugar de lectura, e polo tanto non pode haber ruído nela. Cando se colle un libro ten que ser devolto ao mesmo sitio no que estaba.*
- 6. Non se pode sacar da biblioteca os libros que figuran ca letra “C” (de consulta).*
- 7. Poden levarse en calidade de préstamo todos os libros que teñen a letra “P” (de préstamo).*
- 8. O persoal que atende a biblioteca esta formado por:*
 - ✓ A bibliotecaria.*
 - ✓ O resto dos profesores por quendas.*
- 9. O horario de prestamos es todos os días de 11:25 a 11:45 (Recreo).*

Para fomentar a lectura, cada mes de abril (día do libro), nun acto público celebrado no patio do colexio, se premian aos [alumn@s](#) que máis utilizaran o servizo de préstamo da biblioteca do centro.


O centro cada ano dedica á biblioteca máis de 1.200 € para a renovación de fondos da mesma, e sempre que haxa que facer un gasto extraordinario, esta cantidade vese incrementada cas aportacións realizadas pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos do colexio.

A encargada da biblioteca e D^a María Dolores Rodríguez Feliz.

ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA

1. *Revisión e actualización de todos os fondos mediante a introdución dun novo programa de xestión.*
2. *Establecemento claro das condicións de préstamo.*
3. *Creación dunha sección telemática mediante o uso de ordenadores, enciclopedias en cd-rom, internet, etc ...*
4. *Apertura dunha sección con publicacións periódicas e revistas de interese para os diferentes niveis de alumnos, especialmente para os da Educación Secundaria Obrigatoria.*
5. *Elaboración de carteis que permitan un funcionamento correcto da biblioteca.*
6. *Difusión entre a comunidade educativa das novidades da biblioteca.*
7. *Recepción de actividades de dinamización e fomento da lectura.*
8. *Distribución dos espazos segundo o plano que se xunta.*

Biblioteca del Centro



DEPORTE ESCOLAR:

- *Escolas deportivas.*
- *Competicións internas.*
- *Competición intercentros.*

As escolas deportivas englobarán Baloncesto, Voleibol, Fútbol Sala, Tenis de Mesa, Xadrez, Campo a través e Atletismo, e o seu horario tódolos días de 11:25 a 11:45 hora, e os venres de 13:20 a 17:00 h.

As competicións internas faranse no terceiro trimestre no horario de recreo.

Participaremos nas competicións de Deporte en idade Escolar, que organiza a Dirección Xeral para o Deporte, nos deportes que temos escolas deportivas. As datas presumibles son as seguintes:

CAMPO A TRAVÉS:

- *Comarcal (Touro) 13 de decembro.*
- *Intercomarcal (Santiago) 18 de xaneiro.*
- *Provincial 01 de febreiro*

ATLETISMO:

- *Intercomarcais (Santiago,Pobra, Ribeira. Marzo / Abril*
- *Provinciais Maio*

DEPORTES EQUIPOS:

- *Fase comarcal 31/01, 07/02, 14/02, 21/02.*
- *Intercomarcal Abril*
- *Provincial Maio*

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OTRAS ENTIDADES:

A asociación de pais fará actividades extraescolares de Informática, Teatro, Clases reforzo, Patinaxe, Inglés, Ballet, Música e movemento, Pintura urbana, nas tardes de luns a venres.

Igualmente participaremos nas actividades que organiza o Concello, como o Outono cultural, Viaxes, Piscina, etc ...

O xefe de actividades extraescolares é Julian Eduardo González González.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.P.I. « FONTE – DÍAZ » DE TURO
Rúa Isabel II s/n, 15822 – Touro (A Coruña)
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: qi.fonte.diaz@edu.xunta.es

DOCUMENTO Nº 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. FUNCIÓNS DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN
3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:
 - a. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.
 - b. SITUACIÓN DO PROFESORADO.
 - c. SITUACIÓN DO ALUMNADO.
 - d. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.
4. OBXECTIVOS.
5. ACTIVIDADES.
4. CADRO- RESUMO DE ACTIVIDADES.

I.- INTRODUCCIÓN:

A lingua galega é un dos bens patrimoniais máis valiosos das galegas e dos galegos. Na súa cerna están a cultura e a historia dun pobo que se expresa a través del e que olla o mundo no seu vocabulario e nos seus sons. Por iso, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan Xeral de Normalización Lingüística fan fincapé na necesidade de protección do noso idioma. Dende o ENDL expresamos o noso absoluto compromiso coa nosa lingua, polo que tentaremos seguir traballando na súa dignificación, así como na loita polo esmorecemento dos prexuízos lingüísticos. Recibimos o mandato da súa preservación directamente do noso Estatuto e da Lei de Normalización, algo que está por riba do oportunismo de distintos gobernos. É máis, recibimos o mandato da súa protección dos que falaron en galego antes ca nós; dos que amaron en galego antes ca nós; dos que viviron o mundo en galego antes ca nós... Deles pretendemos ser dignos herdeiros e facer que toda a comunidade escolar tamén o sexa. Deste xeito, tendo en conta o Proxecto Educativo de Centro, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL) ha promover o uso do galego no centro en todos os ámbitos, respecto ao legalmente establecido no D.124/07 do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Estes aspectos deberán plasmarse na PXA, así como os obxectivos respecto das vantaxes de contar cunha lingua propia e da necesidade de coñecela e usala.

Como sabemos, o papel do profesorado do centro é moi importante cara un compromiso social, cultural e lingüístico coa cultura galega. Por iso, dende o noso exemplo como docentes, pretendemos fomentar nos nosos alumnos e nas nosas alumnas actitudes positivas cara á nosa lingua, cun obxectivo moi claro, que será conseguir unha boa competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais que existen na nosa comunidade.

O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

está constituído por:

- Coordinador: Daniel Asorey Vidal (Profesor de Secundaria)
- Pilar Rial Budiño (mestra de Primaria)
- Rocío López Reyes (mestra de Ed. Infantil).
- Susana Villamor Lamas (mestra de Primaria).
- Celia Lamela Couto (Profesora de Secundaria)
- Lourdes Piñón (Profesora de Secundaria)
- Carmen Forján López (Profesora de Secundaria)
- Carmen Fernández Bouza (Profesora de Secundaria)
- Rosa M^a Cernadas Sobredo (Persoal non docente)
- Yolanda Montero López (Alumna)
- Leticia Vilela Nande. (Alumna)
- Talía Otero López. (Alumna)

II.- FUNCIONES DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN

LINGÜÍSTICA:

~~✎~~ Diseñar un repertorio de **actividades de dinamización sociolingüística** tendo en conta a realidade e os recursos do centro.

~~✎~~ Asumir unha posición protagonista na **análise da situación lingüística do centro.**

- Avaliación e seguimento do Proxecto Lingüístico do centro.

~~✎~~ Situar o galego no lugar que lle acae no mundo **das redes sociais e TICS**, algo especialmente atractivo para o alumnado, galego falante na súa case totalidade, que ten que ver reflectida a súa lingua na Internet. Para potenciar isto crearemos **Movealingua**, a partir de agora marca do ENDL, que en principio tentará implicar a toda a comunidade escolar poñendo en

funcionamento unha **páxina de facebook, correo electrónico** abrindo a
posibilidade a **twitter e blogs**

✍ Labor de recuperación das **festas e das nosas tradicións culturais** de carácter anual (Magosto, Samaín, Xogos populares, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Maios...), salientando a súa vertente normalizadora.

✍ Establecer contactos para posibles **colaboracións cos ENDL doutros centros** do contorno, coa idea de compartir materiais e experiencias, así como estudar a posibilidade de realizar actividades conxuntas.

✍ Participación activa na **Coordinadora Galega de Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística** e colaboración estreitas con todas aquelas asociacións en defensa do noso idioma como **Mesa pola Normalización Lingüística, Galegolab, Prolingua...**

✍ -**Colaboración interdisciplinar e globalizada** para manifestar a presenza da nosa lingua na revista escolar, no club de lectura, na dinamización da biblioteca, no proxecto de fomento das novas tecnoloxías e no proxecto curricular.

✍ -Elaborar materiais didácticos, incidindo naqueles que posibiliten unha máis rápida **integración lingüística do alumnado procedente do estranxeiro, maioritariamente peruano** , así como o doutras comunidades autónomas.

III.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO:

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

O noso colexio está situado na parroquia de San Xoán de Touro, no Concello do mesmo nome, á beira do Ulla e veciño dos Concellos de Arzúa, O Pino, Boqueixón, Vila de Cruces e Santiso.

É este un municipio totalmente rural, cunha forte caída demográfica e unha poboación envellecida que se dedica principalmente á agricultura e gandería, así como en menor medida ao pequeno comercio e sector servizos.

A lingua empregada maioritariamente pola poboación é o galego, tanto no eido familiar como no contorno social e demais relacións.

O feito de que unha ampla porcentaxe de pais acuda aos avós e avoas galego falantes para que coiden dos seus fillos/as mentres eles están traballando, supón unha influencia moi positiva para a transmisión e conservación da lingua, cultura e tradicións galegas.

Dende as entidades asociativas do contorno, tamén se desenvolve unha política lingüística moi favorecedora, promovendo e fomentado actuacións de lecer e servizo que nos axudan á consecución dos nosos obxectivos. En realidade a vida dos habitantes do concello desenvólvese, case a na súa totalidade, en galego. Con todo, isto non impide que existan **prexuízos lingüísticos cara á lingua propia, fomentados, evidentemente, pola situación de desigualdade social que o galego ten con respecto ao castelán en toda Galicia.**

SITUACIÓN DO PROFESORADO:

O profesorado do centro emprega habitualmente o galego nos diferentes niveis educativos, tanto dentro como fóra das aulas, así como na relación cos pais.

Ao abeiro do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na clase a **lingua materna predominante entre o alumnado**, que no noso centro educativo **é a lingua galega**; atendendo o estudo sociolingüístico do centro e determinada pola decisión do Claustro.

Na etapa de Educación Primaria impártense en galego todas as materias, agás Lingua Estranxeira, Lingua Castelá, Matemáticas, Educación Artística e Educación Física; que se impartirán en castelán, (tendo en conta o Decreto 79/2010 así como a decisión do claustro)

Nas tarefas docentes tamén é predominante o uso da lingua galega; tendo todo o profesorado o axeitado nivel de competencia para expresarse tanto de xeito oral coma escrito.

SITUACIÓN DO ALUMNADO

Os nosos alumnos e as nosas alumnas proceden do rural, empregando o galego na súa vida cotiá, no ámbito familiar, escolar e na súa relación normal con compañeiros e compañeiras.

Sabemos que os rapaces e as rapazas dispoñen dun amplo **dominio da cultura galega, pero cunha escasa alfabetización na lingua propia**. Son indispensables, polo tanto, medidas correctoras e dispensadoras dunha discriminación positiva cara a estes mozos e estas mozas que, tendo o galego como lingua nai, precisan medidas de afirmación na súa identidade lingüística.

A actitude cara á normalización social do galego é positiva entre todo o alumnado, aínda que a súa competencia comunicativa en galego non sempre sexa a desexada. Isto é debido sobre todo a dificultades específicas de aprendizaxe, máis que a unha actitude negativa cara a lingua galega.

Dadas as características do noso centro, non recibimos un número moi alto de inmigrantes, aínda que neste momento existen varios alumnos e alumnas de orixe peruana, o que debe ser motivo para enriquecedor á hora de **traballar coa integración**. Para iso dende o ENDL pensamos compartir experiencias en Quechua e Galego.

Por suposto, a integración destas rapazas e rapaces lévase a cabo en colaboración co Departamento de Orientación do centro, que prevé accións de apoio para solucionar os seus problemas co uso da nosa lingua.

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:

A lingua Galega é a empregada polo profesorado, alumnado e persoal do centro (conserxe, cuidadora, cociñeiras, etc), así como en todas as comunicacións, documentación administrativa, relacións con outras institucións...; e está presente en carteis, anuncios, rótulos e avisos ás familias.

Nas tarefas administrativas e organizativas, nos contextos extraescolares, na ANPA, nas tecnoloxías da información e da comunicación... a lingua galega ten un uso e valor unánime.

A planificación lingüística no noso centro axústase ás medidas de uso e promoción do galego establecidas no Decreto 124/2007, do 28 de xuño (así como ás anteriores e posteriores disposicións lexislativas en vigor).

IV.- OBXECTIVOS XERAIS:

OBXECTIVOS QUE AFECTAN A TOTALIDADE DO CENTRO

- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia da nosa comunidade, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural e enriquecedor
- Utilizar a lingua galega en diferentes situacións comunicativas, mostrando interese por expresarse con claridade e usando un léxico axeitado á idade do comunicador.
- Proporcionar información ao profesorado sobre a normativa que regula o uso da lingua, e os cambios das normas do galego
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do centro que favorezan a normalización e dinamización.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade escolar.
- Fomentar o emprego do galego nas actividades extraescolares do centro.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.

- ✎ Implicar ás nais e aos pais e no uso do galego na casa cos seus fillos, para que non se perda o uso da lingua, a nosa cultura e tradicións do pasado.
- ✎ Fomentar a interacción coa sociedade do contorno onde a presenza da lingua estea moi vixente (visitas, charlas, excursións..).
- ✎ Empregar o galego na xestión administrativa do centro (documentación dos órganos de goberno e das diferentes coordinacións, comunicacións ao profesorado, notas informativas, documentación enviada á administración, pais, carteis informativos, etc..).
- ✎ Ter contacto con aqueles colectivos e institucións que loiten pola defensa da lingua, deixando a porta aberta á elaboración de campañas e materiais de forma conxunta.
- ✎ Colaborar con outras entidades e institucións na realización de actividades conxuntas: Coordinadora Galega de Equipos de NDL e Coordinadora de ENDL de Santiago.
- ✎ Celebrar actividades para a recuperación de festas e tradicións da nosa cultura (Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas...)
- ✎ Proporcionarlles información ás familias en galego, tanto de forma oral coma escrita
- ✎ Recuperar as manifestacións culturais do contorno a través da investigación e do contacto con expertos, os maiores, etc
- ✎ Colaborar coas actividades propostas desde o Concello: saídas, concursos, concertos, obradoiros

OBXECTIVOS QUE AFECTAN AO ALUMNADO

- ✍ Ampliar o coñecemento da lingua co emprego das novas tecnoloxías e redes sociais. Procurando facerlles ver que o galego está tamén nos ámbitos de lecer e aprendizaxe ligados á modernidade.
- ✍ Interesarse por coñecer a cultura literaria galega a través dos contos, tradicións, cantigas, adiviñas, refráns... para identificarse coa forma de sentir dun pobo.
- ✍ Colaborar con outros centros educativos nun intercambio de experiencias: representacións teatrais, traballo en rede...
- ✍ Realizar visitas didácticas e culturais para coñecer o contorno natural e cultural de Galicia.

OBXECTIVOS QUE AFECTAN AO PROFESORADO

- ✍ Potenciar a presenza no ensino da realidade cultural, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos.
- ✍ Fomentar actitudes positivas cara a aprendizaxe do galego e o seu uso, sobre todo oral.
- ✍ Potenciar o coñecemento biográfico e literario de autores ilustres galegos, a través da súa lectura.
- ✍ Usar cos alumnos as TIC promovendo a súa identificación co uso do galego.
- ✍ Levar a cabo actividades de acollida para o alumnado inmigrante onde estea presente a inmersión lingüística e cultural, así como o partillamento da realidade da que proceden como xeito de enriquecernos mutuamente.
- ✍ Buscar a colaboración dos pais/nais a través da ANPA, para aquelas actividades que se pretendan levar a cabo para o mellor coñecemento dos nosos costumes, cultura e un maior coñecemento da nosa lingua.

- ✍ Elaborar material didáctico de apoio para as actividades de tradición cultural.
- ✍ Incorporar nas programacións didácticas a realidade galega, historia, cultura, xeografía, arte, folclore, tradicións...
- ✍ Fomentar o gusto pola audición das distintas manifestacións da tradición oral

Tendo en conta a realidade sociolingüística do noso centro, situado no medio rural e con alumnado galego-falante, o equipo de normalización ten como función primordial converterse nun elemento de dinamización, coa posta en marcha dunha serie de accións encamiñadas a valorar o galego como sinal de identidade, **eliminando prexuízos e animando a facer uso desta lingua con normalidade**. Deste xeito, procuraremos capacitar o alumnado para un uso correcto e eficaz da lingua en todas as situacións de comunicación tanto sociais como lúdicas

V.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER:

Con elas intentaremos continuar o labor iniciado en anos anteriores ampliando a oferta coa inclusión doutras novas coa finalidade de potenciar a implicación activa do profesorado, alumnado e familias. Tentaremos xestionar todas as actividades baixo a **marca común de Movealingua**, que alén de ser unha **páxina do facebook** pretende renomear a todo o que desenvolva o ENDL do centro, así como todas as actividades que a comunidade escolar realice tendo en conta a nosa lingua.

As actividades estarán distribuídas ao longo dos 3 trimestres; e serán **amplas, variadas e o máis abertas posibles** á participación de todas as etapas, ciclos e niveis cos que conta o CPI (Infantil, Primaria e Secundaria).

Tratarase ademais de dar **continuidade a algunhas das actividades propostas en cursos anteriores**, para conseguir unha mellora na calidade dos traballos: rótulos de persoeiros, concursos, conto viaxeiro, exposicións...

Participaremos ademais nas actividades propostas desde entidades e institucións externas ao centro coas que xa viñamos colaborando: certame de teatro, Correlingua....

1.- CELEBRACIÓN DE FESTAS DE TRADICIÓN GALEGA

O MAGOSTO E O SAMAÍN

ÉPOCA: Finais de outubro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, pais e nais

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

- Gozar cos costumes do magosto coñecendo os froitos típicos da época, con especial referencia ao castiñeiro e as castañas.
- Coñecer o significado do Samaín na cultura popular e a maneira de celebralo.
- Iniciarse no coñecemento de personaxes de medo propios da nosa terra: Santa Compañía, home do saco....

ACTIVIDADES

- ✓ Elaboración dunha presentación sobre a historia do Samaín por parte dos alumnos de primaria.
- ✓ Exposición de cabzas adornadas no corredor e na páxina de Facebook.
- ✓ Elaboración dunha unidade didáctica sobre o castiñeiro: onde se coñecerán distintos tipos de castañeiros, a celebración do magosto, traballaranse cancións populares, refráns, adiviñas, actividades plásticas
- ✓ Degustación de doces elaborados cos produtos típicos do outono.
- ✓ Valoración dos doces e dos cabazos por parte da comunidade escolar na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Elaboración dun recetario coa recollida e a recompilación de receitas. As receitas serán colgadas e valoradas na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Se o tempo o permite saída ao patio a comer as castañas.
- ✓ Elaboración dun díptico sobre a exposición e degustación para as aulas
- ✓ Elaboración dun díptico sobre a degustación para as familias

O NADAL

ÉPOCA: mes de decembro.

PERMANENCIA: realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa.

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

- Conseguir que o galego estea presente nestas datas tan sinaladas a través dos escritos e das panxoliñas.
- Posibilitar a integración lingüística e cultural do alumnado estranxeiro, en base ao coñecemento das nosas tradicións.

ACTIVIDADES

- ✓ Recollida de datos sobre a celebración do Nadal noutros lugares ou países. Os datos recollidos serán colgados na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Concurso de postais en galego. As postais gañadoras recibirán un agasallo (libro en galego), ademais levaranse á imprenta e felicitarase aos pais de todos os nenos/as.
- ✓ Concurso literario de contos, microcontos e poesías
- ✓ Elaboración dun díptico coas bases dos concursos de Nadal
- ✓ Adquisición de material didáctico en galego, ampliación dos fondos do centro, tanto para o asesoramento lingüístico e científico como para as bibliotecas de aula e de uso común: material de consulta, literatura infantil, contos, material audiovisual, música tradicional, películas en galego, material multimedia.....

O ENTROIDO

ÉPOCA: meses de febreiro ou marzo.

PERMANENCIA: realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa.

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

- Achegar ao alumnado unha tradición moi arraigada na nosa cultura dende hai moitos anos.
- Coñecer as costumes doutras vilas como “Fao, Ulla”, onde o entroido é moi popular.

ACTIVIDADES

- ✓ Elaboración do Meco. Será un personaxe do Entroido tradicional que elaboraremos entre todos
- ✓ Elaboración de consignas diarias (ordes) que animen e organicen os disfraces de cada día.
- ✓ Elaboración dunha unidade didáctica que permita coñecer a celebración de entroido en distintas vilas de Galicia.
- ✓ Exposición de fotos de entroido
- ✓ Elaboración de coplas nas clases.
- ✓ As fotos, coplas e outros elementos recollidos serán colgados na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Saída da comparsa polo barrio acompañados polos mestres/as e pais-nais.
- ✓ Posteriormente todos xuntos degustaremos doces típicos do entroido elaborados polos pais e nais.

AS LETRAS GALEGAS

ÉPOCA: mes de maio.

PERMANENCIA: realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado e profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

- Coñecer a vida e obra de Roberto Vidal Bolaño e a repercusión que tiveron na cultura, sociedade e historia de Galicia.

ACTIVIDADES

- ✓ Recollida de información sobre o Roberto Vidal Bolaño (soporte impreso ou dixital)
- ✓ Traballos sobre o devandito personaxe e estudo da súa obra literaria e mesmo representación dalgunha das súas obras (ou parte delas).
- ✓ Traballos na clase de unidades didácticas sobre o tema.

- ✓ Exposición dos traballos de todos os cursos nun gran mural que represente ao personaxe homenaxeado.
- ✓ Exposición de carteis arredor da figura á que se lle dedican Letras Galegas.
- ✓ Colgar todo o que se faga acerca da figura de Roberto Vidal Bolaño na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Representacións de contos e obras teatrais por parte do alumnado
- ✓ Actuacións musicais e proxección de vídeos de música galega (tanto tradicional como pop e rock)
- ✓ Sesións de contacontos para todos os niveis
- ✓ Proxeccións de cine por niveis
- ✓ Selección musical na Semana das Letras, con música de todos os estilos para ambientar os actos da semana cultural.

1.- PUBLICACIONES

REVISTA ESCOLAR: "Tourina"

ÉPOCA: mes de xuño

PERMANENCIA: todos os anos.

DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa

OBJETIVO NORMALIZADOR:

-Fomentar o uso da lingua galega entre os alumnos

PÁXINA DE FACEBOOK Movealingua

A páxina estará activa todo o ano e ha pretender reflectir todo o que a comunidade escolar vaia realizando, sempre que sexa na nosa lingua . Á parte de propostas da propia páxina e de ir publicando as distintas actividades do ENDL, Movealingua recollerá as saídas, as actividades, os traballos das rapazas e rapaces. A páxina pode ser un bo instrumento para relacionar toda a comunidade escolar. Será unha canle interesante na que partillar o que facemos, na escola, en galego e a prol do galego.

ÉPOCA: diaria

PERMANENCIA: todos os anos.

DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

-Fomentar o emprego do galego nas redes sociais e visibilizar todas as propostas normalizadoras que se fagan no centro.

3.- A BIBLIOTECA:

Dende sempre a biblioteca escolar formou parte da formación dos nosos alumnos e alumnas. Considerámola como un espazo educativo necesario para fomentar a competencia das rapazas e dos rapaces no uso da lingua galega.

A biblioteca do noso centro ten a disposición das familias, do alumnado, e do profesorado diverso material bibliográfico, cartográfico e audiovisual, importante para fomentar o uso da lingua galega . Ligada coa biblioteca está a existencia do **Club de Lectura** que, sen dúbida, está a axudar nos obxectivos de potenciación da lingua galega propoñendo a lectura sistemática de libros no noso idioma.

ÉPOCA: durante todo o curso.

PARTICIPACIÓN: alumnado e profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

-Servir de instrumento normalizador e dinamizador da lingua e da cultura galega.

ACTIVIDADES

- ✓ Incremento dos fondos da biblioteca con materiais elaborados polo alumnado, tal e como son:
 - **“O Libro viaxeiro”** elaborado polo alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria. Esta actividade realízase dende hai catro anos.
 - **Recetario**

Ambientaremos un recuncho na biblioteca coa bibliografía sobre as conmemoracións e celebracións: Samaín, Nadal, Letras...

- ✓ Merca de libros e revistas en lingua galega co obxecto de cubrir as necesidades relacionadas co proxecto lector do centro.
- ✓ Dotación de materiais audiovisuais de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
- ✓ Recompilación de páxinas webs interesantes para o alumnado en lingua galega (por exemplo wikipedia en galego, blogs de centros...)
- ✓ Elaboración de arquivos da zona (feitos ocorridos no contorno, relatos lendas, oficios tradicionais, como parte do patrimonio propio da zona).
- ✓ Recompilación de material de tradición oral: cancións, coplas, contos populares, regueifas, adiviñas, refráns, supersticións, tradicións... da zona. Os datos recollidos serán colgados na páxina de facebook Movealingua.
- ✓ Creación do **PANEL DA LINGUA**. Espazo dedicado ás novas sobre a lingua recollidas nos xornais e nas publicacións de internet. No panel, que tamén terá expresión en Movealingua, aparecerán diferentes aspectos da cultura: artigos, publicacións, novidades editoriais, premios, contos, exposicións, presentacións literarias, teatro, cine..., e todas aquelas iniciativas en defensa da lingua.

Está dirixida a todas as titorías (Infantil, Primaria e Secundaria), e a todo o profesorado, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

- ✓ Visita de escritores, ilustradores... para a presentación da súa obra
- ✓ Elaboración de guías de lectura para os diferentes ciclos.
- ✓ Organización da **Mostra escolar de Teatro** en colaboración con outros centros e coa aula de teatro do centro.
- ✓ Edición da revista "Tourina"
- ✓ Publicación diaria de **Movealingua no facebook**.

4.- AS TICS E CREACIÓN DA PÁXINA DE FACEBOOK MOVEALINGUA

ÉPOCA: todo o curso.

PERMANENCIA: todos os anos.

PARTICIPACIÓN: toda a comunidade escolar.

OBXECTIVO NORMALIZADOR:

-Usar as TICS como outro recurso innovador na formación e uso do galego cos nenos/as.

ACTIVIDADES

- ✓ Realización e proxección de presentacións en PowerPoint
- ✓ Asesorar sobre programas, contidos e páxinas web, aplicacións para móbiles de interese para alumnos e profesores
- ✓ Recompilación de material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Javaclíc, blog...)
- ✓ Implicación de toda a comunidade escolar, sexa como administradores, sexa como colaboradores, na andaina da páxina de facebook Movealingua.

5.- RELACIÓNS CO EXTERIOR

PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES OFERTADAS POLO CONCELLO E OUTRAS

ENTIDADES

ÉPOCA: Ao longo do curso

PERMANENCIA: todos os anos

PARTICIPACIÓN: Profesorado e alumnado do centro.

OBXECTIVO NORMALIZADOR

- Participar en actividades lúdicas que fomente entre o alumnado o uso do galego, así como o coñecemento do entorno máis próximo

ACTIVIDADES

- ✓ Participar en actividades de promoción do galego organizadas por entidades distintas do centro (ANPA, Concello, asociacións, Política Lingüística...)
- ✓ Colaborar coas actividades organizadas pola Coordinadora Comarcal ENDL de Santiago, a Coordinadora Galega de ENDL, así como A Mesa pola Normalización Lingüística, Galegolab ou Prolingua
- ✓ Participar nas actividades de Correlingua...
- ✓ Asistencia a representacións teatrais en lingua galega.
- ✓ Saídas a Compostela, A Coruña, etc.. visitando lugares de interese cultural: Museo do Pobo Galego, Panteón de Galegos Ilustres, Museo de Historia Natural, Mupega, Verbum
- ✓ Asistencia a outras actividades ofertadas por outras entidades e pendentes de concretar neste momento.

6.- A FORMACIÓN

ÉPOCA: Ao longo do curso

PERMANENCIA: todos os anos.

PARTICIPACIÓN: o profesorado do centro, en especial os membros do equipo.

DESTINATARIOS: profesorado e pais e nais.

OBXECTIVO NORMALIZADOR

-Asesorar en temas relacionados co uso do galego tanto ao profesorado como aos pais.

ACTIVIDADES

- ✓ Seguimento e avaliación do Proxecto Lingüístico do centro.
- ✓ Información sobre a normativa vixente e calquera outra nova referida ao proceso de normalización do idioma galego.

Para levar a cabo este proxecto sabemos que contamos coa inestimable colaboración e participación de todo o equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, ademais de toda a comunidade educativa. Pero ao noso carón tamén están persoas, entidades e institucións externas ao centro que nos prestan a axuda precisa para desenvolver o noso labor.

Dende o ENDL do CPI de Touro pretendemos, como dixemos ao comezo deste documento, que este proxecto poida contribuír a ser dignos herdeiros do legado deixado por aqueles que viñeron antes ca nós, falando e amando a nosa lingua. A partir de aí, sabemos que estaremos colaborando na mellora e calidade de ensino, na formación de cidadáns e cidadás críticos, así como nun futuro mellor para a nosa terra, da que o galego é valor incuestionable.

Daniel Asorey Vidal

Touro. 13 de novembro de 2012.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.P.I. « FONTE-DÍAZ » DE TOURO
Rúa Isabel II s/n, 15822 – Touro (A Coruña)
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: cpi.fontediaz@edu.xunta.es

*** DOCUMENTO Nº 7 ***

CURSOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	
Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	XOGADE
Coordinador:	<i>Francisco Álvarez Vázquez</i>
Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	CLASES SEN FUME
Coordinador:	<i>Carmen Garabal Gómez</i>
Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	TERRA
Coordinador:	<i>Antonio Lorenzo Bugallo</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	QUEROTE+
Coordinador:	<i>Carmen Garabal Gómez</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	POR 365 DÍAS DE RESPECTO E IGUALDADE
Coordinador:	<i>Carmen Fernández Bouza</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	DONAS DE SI
Coordinador:	<i>José Antonio Rama López</i>

CURSOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	CONSUMÓPOLIS
Coordinador:	<i>Francisco Chouza Mata</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	ALIMENTA-TBEN
Coordinador:	<i>Pilar Rial Budiño</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	RECICLATE CON SOGAMA
Coordinador:	<i>Carmen Rendo López</i>

Modalidade:	
	PLAN PROXECTA
Título:	
	CORRESPONDENTES XUVENÍS 3.0.
Coordinador:	<i>Carmen Garabal Gómez</i>